

IN MEMORIAM

Por FEDERICO ZAMORA MOSQUERA

*Polo que máis quero, xuro ser dos
bós e xenerosos. (CASTELAO).*

O 7 de xaneiro do 1950 finaba en Buenos Aires o gran patrio galego Afonso Daniel Rodríguez Castelao. Choróuno Galicia entón e sigo chorando hoxe. Día de loito pra tódolos galegos que naquel intre, como noutrora, percuraba ser na vida dos bós e xenerosos tal e como aconsellaba o que pra sempre nos deixaba. Agora, co gallo do vintecinco cabodano do seu pasamento, a nosa Real Academia Galega hónrase en lembralo.

Lembranza do home e da súa inxente laboura, pra que sirva de azo ás vellas xeneracións e de ventureiro espello pra as novas.

Castelao non precisa de gabanzas nin de mitificacións. Os seus traballos, coa sinxeleza propia do que sae das entranas do pobo, son senlleiros, xeniales. Válense por sí mesmos.

Os seus dibuxos, os seus contos, as súas farsas son estampas vivas do chan galego, dos homes galegos, vistas, pintadas, contadas por un galego. Porque Castelao non pensou nin vivéu máis que en galego e todo canto fixo foi en galego, pensando e sintindo como tal. Finalmente, estóu ben seguro, tamén morréu en galego.

Fincóu as raíces hasta o máis fondo na terra e todo o seu pensamento mantíñase dela. Pola súa obra vai un impresionante desfile de persoaxes de carne e oso, esceas, paisaxes..., toda a problemática do agro e do mar, a retrancuda filosofía galega, a ledicia festeira, a cobarde conformidade de algúns, o valente arruallo de outros, a cursilería dos "señoritos", a cobiza dos poderosos, a fame dos probes; a tristura dos meniños sin nenez,

das casadas sin homes, das nais sin fillos; as arelas dos que se iban e o desamparo dos que xa se foran; a desolación dos cegos, eses ceguiños de Castelao, tan patéticos, que “por corredoiras e romarías aínda vivían da caridade...”

Home do pobo fuxía do tónico, do rexoubo e da trangallada, da gaita e do tamboril. Por iso, coido eu, cultivaba a caricatura, de dibuxo craro e sinxelo e pé certo, ás veces rindo, rindo e outras laiando ou rabeando. Neles están a acedume toda da súa anguria, os fungueirazos da súa carraxe, a surrisa tristeira da súa desespranza e a lostregada da súa fe no destino de Galicia; angurias, carraxes, desespranzas e fe que eran os do seu pobo pasados pola fina peneira da súa sensibilidade. Abondaban unhas poucas verbas ó pé do dibuxo pra fixalo senso dil: “A mín paréceme que sae diputado don Mengano. ¡Canté, se saise... pero é que entra”. Dise xeito, ó tempo que retrataba ó pobo, chegaba a íl, á súa ialma, facéndolle ollar os seus defectos, valorar as súas virtudes, decatarse da circunstancia do seu arredor.

A tarefa de Castelao está ahí; abonda conquene nos acheguem a ela pra poder beber nas mellores fontes da galeguidade.

Castelao, home, coñeceu máis días de amargura que de ledicia, máis de inquedanzas que de trunfos e cuáseque tantos de crara visión no seu íntimo ollar como de semicegueira nos seus ollos. Mália todo, foi xeneroso e bó, sinxelo, modesto nas aicións da súa vida e na propia valoración do seu arte. De fondos valores humáns, infantil ás veces, intolerante outras, coa santa intolerancia do patriota cando de Galicia se trataba, hasta facerlle tornar a súa bondadosa surrisa por arriscado xesto ofensivo. Na súa ialma non cabían xenreiras nin envexas. Sóio había nela un inmenso amor por Galicia, amor que o levóu a unha fera loita na que ofrendóu a súa vida. Vida exemplar e laboura abundosa que constitúe a meirande herdanza que un home pode deixar a un pobo. Como galegos témola obriga de recollela e arrolala, e acochadiña como un tesouro inefábel, non deixala esmorecer endexamáis.

Eu, como un dos bós e xenerosos, cumpo coa miña obriga e poño o meu grao de area, facendo unha vez máis canto nos dí que fagamos a nosa Real Academia Galega.

Unhas liñas de lembranza daquel noso chorado irmán Afonso Daniel Rodríguez Castelao.